



“ORDENANZA Nº III.7 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO PARA O SERVIZO MUNICIPAL DE PRÉSTAMO DE BICICLETAS”

ARTIGO 1- FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polo artigo 106.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e artigo 127 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e de conformidade co disposto nos artigos 41 a 47, ambos inclusive, do R.D.L. 2/2004, establécese o PREZO PÚBLICO PARA O SERVIZO MUNICIPAL DE PRESTAMO DE BICICLETAS.

ARTIGO 2.- ESTABLECEMENTO E CONTÍA.

1.- O establecemento e contía do prezo público regulado nesta Ordenanza será o que fixe en cada caso a Xunta de Goberno Loal por delegación do Pleno da Corporación, de conformidade co disposto no artigo 47.1 do R.D.L. 2/2004 e artigo 23.2 b) da Lei 7/85.

2.- A estos efectos, a Xunta de Goberno Local, en base ós informes previos do Servizo ou Dependencia correspondente e da Intervención Municipal sobre os custos soportados polo Concello, establecerá os prezos concretos para cada modalidade de uso que, conforme o artigo 44.1 do R.D.L. 2/2004, deberán cubrir como mínimo o coste do mesmo.

Non obstante o anterior, conforme ó disposto no artigo 44.2 do R.D.L. 2/2004, cando exista razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a Xunta de Goberno Local poderá fixar prezos por debaixo do límite previsto no apartado anterior. Nestos supostos deberán consignarse nos presupostos da Entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se a houbera.

3.- Acordados os prezos, o acordo será exposto no Taboleiro de Anuncios do Concello a efectos da súa publicidade.

4.- O prezo fixado pola Xunta de Goberno Local, conforme ó indicado, levará engadido o I.V.E.

ARTIGO 3.- OBRIGADOS AO PAGO:

Segundo o establecido nesta Ordenanza, así coma na Lei 8/1989 de Taxas e Prezos Públicos, estarán obrigados ao pago aqueles usuarios que voluntariamente soliciten esta actividade organizada polo Concello.

ARTIGO 4.- FEITO IMPOÑIBLE:

O feito imponible virá determinado polo uso do servizo municipal de préstamo de bicicletas adquirindo a condición de usuario/a nas súas distintas modalidades de alta ou renovación.

ARTIGO 5.- XESTIÓN E COBRO:

A obriga de pagar nace desde o momento que se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade, se ben poderá esixirse o depósito previo do importe total ou parcial, estando obrigado ao pago das tarifas correspondentes.

O ingreso do prezo público esixirase íntegramente no momento da alta/renovación, quedando expresamente prohibido o prorrateo da cuota.

A autoliquidación do prezo público realizarase mediante a folla de liquidación que figura como Anexo I á presente Ordenanza.



En caso de baixa no servizo, tanto de oficio coma por instancia de parte, non se establecen devolucións dos conceptos aboados.

A formalización das altas e baixas nas súas diferentes modalidades, deberán levarse a cabo mediante os modelos normalizados que aparecen recollidos como Anexos I, II, e III da Ordenanza Reguladora do Sistema de Préstamo de Bicicletas do Concello.

DISPOSICIÓN ADICIONAL:

No caso de realizar servizos especiais, durante un breve periodo de tempo, destinados a fins específicos como percorridos promocionais, inauguracións, concursos, días da bicicleta, semana da mobilidade, realización de rutas cicloturísticas, etc., nos que se poñan bicicletas a disposición dos participantes, non será obrigatorio adquirir a condición de usuario/a do sistema municipal de préstamo de bicicletas.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA:

A presente Ordenanza, unha vez aprobada definitivamente, será publicada íntegramente no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse unha vez transcurra o prazo previsto no artigo 49 e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, e manterase en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.

Data modificación actual:

PUBLICADO BOP (aprobación establecemento):08/08/2014